

# Ortigueira



O deputado Mon Fernández, e os responsábeis locais Marco Schaal e Fani Pérez, cos delegados da Residencia de Maires Dolores Díaz Dávila

## O BNG levará ao Parlamento Galego a situación das persoas usuarias da residencia de Ortigueira

**As persoas usuarias da residencia reclaman comida digna e de proximidade, fronte ao servizo de comida repetitivo e de mala calidade**

"Pasamos máis fame que na guerra". Así describe unha persoa usuaria da residencia Dolores Díaz Dávila, en Ortigueira, a situación que se vive no centro, xestionado polo Consorcio galego de igualdade e benestar.

O comedor atende a unhas 50 persoas maiores, a maioría con altos niveis de dependencia, o que lles impide protestar directamente. Por iso, delegaron a protesta en persoas máis independentes.

As **queixas** céntranse na **mala calidade da comida**, subministrada por unha empresa de catering que entrega unha vez á semana, cun menú que se repite. As demandas foron elevadas ao Concello e ao Consorcio a través de cartas e unha carta aberta en prensa.

O **Alcalde**, do Partido Popular, **recoñece que o servizo non está á altura**, mais na votación dunha moción en pleno na que se pedía que se mellora-

se ese servizo decidiu absterse, seguindo seguramente as instrucións marcadas pola Xunta do PP.

O **Consorcio rexeitou as peticións das persoas usuarias**, que entre outras cousas propoñen reactivar a cociña do centro, xa que garantiría comida fresca, de proximidade e de calidade. Con todo, a dirección do Consorcio da Xunta **non actúa para mellorar esta situación**.

As persoas usuarias insisten en que a comida é "incomestíbel", o que lles leva a pasar fame, unha **situación inaceptábel nun servizo público para maiores**.

Despois de reunirse coa representación das persoas usuarias, o **BNG comprometeuse a denunciar esta situación e facer todo o posíbel para que as persoas maiores de Ortigueira teñan o servizo de atención que merecen**.

## O BNG saca adiante unha iniciativa para regular o turismo de autocaravanas en Ortigueira

O pleno de Ortigueira aprobou por unanimidade a moción do BNG para crear unha ordenanza municipal que regule o estacionamento e a pernocta de autocaravanas, vehículos camper e caravanas no municipio. A medida busca mellorar a convivencia entre o turismo itinerante e a veciñanza, preservando o espazo público e o medio ambiente.

A proposta contempla a **creación de áreas específicas** de estacionamento, **dotadas de servizos** como a evacuación de augas grises e negras, e **acceso a auga potábel**. O portavoz do BNG, Marco Schaal, subliña que *“esta regulación permitirá fomentar un turismo sustentábel, protexer a contorna natural e mellorar a imaxe do concello”*.

A nova ordenanza, que se espera aprobar antes do verán de 2025, tamén contará coas achegas da veciñanza e de persoas expertas, co **obxectivo de promover o desenvolvemento económico local e reducir o impacto ambiental desta actividade**.



## O BNG apoia as mobilizacións para reclamar un servizo médico de calidade no Vicedo



Veciñanza do Vicedo manifestándose para solicitar persoal médico

O BNG de Ortigueira apoia e participa nas **mobilizacións convocadas para cada último domingo do mes** por diferentes colectivos veciñais, deportivos e culturais nas que se pide cubrir o centro médico co persoal médico necesario para atender á poboación do Vicedo.

As entidades convocantes denuncian incidencias unha semana tras doutra. Aseguran que a ausencia de facultativos mantivo o centro de saúde sen persoal médico durante días soltos, as axendas fechadas durante dúas semanas, xornadas nas que só se atenderon as urxencias e nas que mesmo chegaron a anularse algunhas citas.

## O BNG participa na concentración que pide paz para Palestina

O pasado 26 de xullo Ortigueira saíu á rúa para reclamar a fin do xenocidio contra o pobo de Palestina, realizando unha concentración na Praza de Isabel II.

Nesta concentración participaron os responsábeis locais Fani Pérez e Marco Schaal, así como os responsábeis de mocidade e organización, Manuel Rivera e Daniel Polo, e outros membros da Asemblea Local.



Membros do BNG na concentración

## APROBADA A MOCIÓN DO BNG SOLICITANDO A CONSTRUCCIÓN DUNHA BEIRARRÚA QUE FACILITE O ACCESO Á RESIDENCIA DE MAIORES

O BNG levou ao pleno a construción dunha beirarrúa para **mellorar o acceso ao Centro de Día e ao Centro Residencial de Maiores en Miñaño**, ampliándoa até a entrada da Senda Litoral da Ría de Ortigueira. O portavoz do BNG, Marco Schaal, considera que esta infraestrutura é esencial para a seguridade e comodidade dos residentes e transeúntes, especialmente para as persoas usuarias da residencia..



Estado actual do camiño que leva á Residencia de Maiores

## XUNTANZA COA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ESPASANTE

Os deputados do BNG do Parlamento Galego, Mon Fernández e Xosé M. Golpe, xunto cos responsábeis locais de Ortigueira, Fani Pérez e Marco Schaal, reuníronse coa Asociación de Veciños de Espasante **para recoller as súas inquedanzas sobre a situación da Praia da Concha e da atención sanitaria** durante o mes de agosto, que se suma tamén aos **problemas nos centros médicos de Mera**, ou dos concellos veciños do **Vicedo e Cariño**.



Fani Pérez, Xosé M. Golpe, Marco Schaal, Mon Fernández e a Presidenta da AA.VV de Espasante, Belén

## O BNG DEFENDE AS DEMANDAS VECIÑAIS CONTRA OS PARQUES EÓLICOS BARQUEIRO E BADULAQUE

O deputado do BNG, Xosé M. Golpe, e o portavoz municipal en Ortigueira, Marco Schaal, presentaron iniciativas sobre os parques eólicos Barqueiro e Badulaque, promovidos por Enel Green Power. Estes proxectos, que suman 216 MW de potencia, afectan a varios concellos da comarca do Ortegal e xeran un forte rexeitamento social. **A veciñanza ten mostrado a súa preocupación pola proximidade dos aeroxeradores a vivendas e explotacións gandeiras, así como polas posibles repercusións sobre acuíferos e a paisaxe.**

Centos de alegacións foron presentadas e realizáronse manifestacións, evidenciando a oposición local. Ademais, a documentación técnica presenta eivas, e organismos como Augas de Galiza non emitiron informes necesarios. **O BNG levará esta problemática ao parlamento, esixindo que a Xunta e o MITECO escoiten as demandas da cidadanía.**

A pesar de que Galiza supera as metas de enerxía renovábel do PNIEC, a veciñanza reclama un modelo eólico que respecte a realidade social e ambiental da zona.



O deputado Xosé M. Golpe, e o portavoz local, Marco Schaal



## ANA PONTÓN

# O BNG É A FORZA QUE DEFENDE UN FUTURO MELLOR PARA A SOCIEDADE GALEGA. A FORZA DESTE PAÍS"

### **Pasou o verán e comezou un novo curso político.**

Si, comeza un tempo no que o BNG vai atender dúas cuestións centrais para garantir unha Galiza con futuro. Dun lado, poñer fin ao espolio que sofremos como país. Altri, a invasión eólica, a eucaliptización do territorio, a estafa da AP9... son exemplos de explotación do territorio galego para o lucro privado de grandes empresas, a costa dos intereses dos galegos e galegas.

### **A loita contra o espolio de Galiza é unha constante do nacionalismo. Cal é a outra cuestión á que se refería?**

Vai parella á anterior, e é o reforzo da nosa capacidade de autogoberno. A defensa dun novo modelo de financiamento, que poña fin á discriminación que padecemos a día de hoxe; tamén a reclamación de todas as transferencias pendentes do Estado a Galiza e a petición de novas competencias, no marco da necesidade dun novo status político para a nosa nación.

### **Parar o espolio e reforzar o autogoberno.**

Exacto. Porque Galiza é un país rico, con moi importantes recursos e con enorme potencial. E non obstante a nosa economía e sociedade vai a menos cos gobernos do PP. Porque o PP desde a Xunta non

traballa en favor de Galiza, senón en favor dos seus intereses. Ence en Pontevedra, Altri en Palas de Rei, os sobrecustes do Hospital Álvaro Cunqueiro e o desmantelamento da sanidade pública, a depredación eólica... todas son mostras da política dun PP que favorece o espolio dos recursos galegos para darllos regalados ás grandes empresas amigas. Nós defendemos o contrario: poñer a riqueza e os recursos galegos ao servizo de crear aquí emprego e desenvolvemento. E para iso tamén precisamos capacidade de decidir sobre o noso, de xestionarmos aquí todos os nosos impostos e de marcar as nosas prioridades.

### **O BNG celebrará Asemblea Nacional o 1 de decembro. Como a enfoca?**

Con toda a forza, a responsabilidade e a ilusión que dá estarmos no mellor momento da historia do BNG e de sermos a forza que ofrece esperanza e utilidade para o cambio real que Galiza precisa. Sempre digo que o BNG naceu para ser a forza política hexemónica do noso país. Queremos gobernar para transformar, para poñer en marcha unha Galiza viva, forte, xusta e con futuro. Diso imos falar na próxima Asemblea, preparar o BNG para gañar un futuro mellor para Galiza.

[www.ortigueira.bng.gal](http://www.ortigueira.bng.gal)

[f BNG.ortigueira](https://www.facebook.com/BNG.ortigueira)

[@bng\\_ortigueira](https://www.instagram.com/@bng_ortigueira)

[t.me/informacionBNGortigueira](https://t.me/informacionBNGortigueira)

<https://whatsapp.com/channel/0029Vai0tXBI1rcrvLQriH03>